



RESUMEN DE SEGUIMIENTO DA PARCELA <sup>1</sup>		OBSERVACIÓNS
MATERIAL VEXETAL E PLANTACIÓN OU SEMENTEIRA	CONFORME	
	NON CONFORME	
MANEXO DO SOLO, LABRA E PRÁCTICAS CULTURALS	CONFORME	
	NON CONFORME	
FERTILIZACIÓN	CONFORME	
	NON CONFORME	
REGA	CONFORME	
	NON CONFORME	
ESTADO FITOSANITARIO E RECOMENDACIÓNS DO TÉCNICO	CONFORME	
	NON CONFORME	
TRATAMENTOS FITOSANITARIOS	CONFORME	
	NON CONFORME	
COLLEITA E RASTREXABILIDADE	CONFORME	
	NON CONFORME	
ANÁLISES DO SOLO <sup>2</sup>	CONFORME	
	NON CONFORME	
ANÁLISES DE AUGA <sup>2</sup>	CONFORME	
	NON CONFORME	
OUTRAS ANÁLISES <sup>2</sup>	CONFORME	
	NON CONFORME	
CONTROL DA MAQUINARIA EXISTENTE NA EXPLOTACIÓN	CONFORME	
	NON CONFORME	
XESTIÓN DE RESIDUOS	CONFORME	
	NON CONFORME	

O operador declara que os datos que figuran neste caderno de explotación son certos

..... de .....200

Sinatura, \_\_\_\_\_  
Técnico da agrupación

Sinatura, \_\_\_\_\_  
O operador

(1) Datos que debe cubrir o técnico responsable da explotación  
(2) Achegar resultados de laboratorio.

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Decreto 168/2005, do 16 de xuño, polo que se autoriza a subscrición dun acordo transaccional coa Deputación Provincial da Coruña en relación coas liquidacións e os procesos contencioso-administrativos derivados da transferencia do Hospital Médico Cirúrxico Provincial e Sanatorio Psiquiátrico de Conxo.*

A Deputación Provincial da Coruña formula proposta de acordo transaccional que poña fin aos procedementos xudiciais en curso en relación coas liquidacións practicadas pola comunidade autónoma e deducidas da transferencia do Hospital Médico Cirúrxico Provincial e Sanatorio Psiquiátrico de Conxo.

O carácter público de ambas as administracións e dos obxectivos que comparten, unido á condición sempre incerta do resultado final dun litixio sobre o que pesa, ademais, a posibilidade procesual dun dilatado pronunciamiento definitivo, determinan que por parte da comunidade autónoma se considere igualmente aconsellable, en beneficio do interese xeral, unha resolución do contencioso por vía transaccional, que se plasmaría a través da subscrición dun convenio desa natureza.

En virtude do indicado, ao abeiro do establecido no artigo 1.809 do Código Civil e conforme o disposto no artigo 22.1º do Decreto legislativo 1/1999, do

7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, por iniciativa do conselleiro de Economía e Facenda e do conselleiro de Sanidade e por proposta do conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dezaseis de xuño de dous mil cinco.

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Autorízase a subscrición dun acordo transaccional coa Deputación Provincial da Coruña coa finalidade e nos termos que se indican en anexo a este decreto.

##### Artigo 2º

Facúltase aos conselleiros de Economía e Facenda e de Sanidade, en nome da Xunta de Galicia, para a subscrición do convenio transaccional ao que se refire o artigo anterior.

#### Disposición derradeira

Única.-O contido deste decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezaseis de xuño de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Jaime Pita Varela  
Conselleiro da Presidencia, Relacións  
Institucionais e Administración Pública